



PR

Manual de uso de Contidos Educativos Netex para centros non E-dixgal

Versión 1

O procedemento consta de dúas fases:

- ▶ 1) Descarga dos paquetes SCORM da aula virtual onde se atopan os contidos dixitais de Netex.
- ▶ 2) Engadido dos paquetes descargados no punto anterior á aula virtual do noso centro para que o alumnado poida acceder a eles.

O primeiro que temos que facer é visitar a Aula Virtual onde se atopan os Contidos Dixitais Educativos de Netex, no seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/contidosdixitaiseducativos/aulavirtual2/login/index.php>

Se é a primeira vez que accedemos á plataforma, necesitaremos rexistrarnos facendo clic no botón “Crear unha nova conta” na parte dereita:

É esta a súa primeira vez aquí?

Para acceder a este sitio debe rexistrarse co seu correo corporativo xxx@edu.xunta.gal. Prema no botón **Crear unha nova conta**.

Cumplimente o formulario de rexistro cos seguintes datos:

- Como nome de usuario utilice o do seu correo corporativo (xxx)
- Unha contrasinal (non ten porque ser a súa contrasinal corporativa)
- O seu correo corporativo xxx@edu.xunta.gal
- O seu nome e apelidos

Prema no botón **Crear a miña nova conta**.


Recibirá unha mensaxe no correo cun enlace que debe pegar no navegador para activar a conta.

[Documentación sobre o uso deste sitio.](#)

Crear unha nova conta

Logo completamos os datos de rexistro, tendo coidado de usar o noso correo corporativo rematado en **.gal**, e facemos clic en “Crear a miña conta”

O contrasinal empregado non ten que ser o mesmo que o da nosa conta de correo.



Nome de usuario* usuario

O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(e

Contrasinal* Desenmascarar

detalles

Enderezo de correo* usuario@edu.xunta.gal

Repetir correo electrónico* usuario@edu.xunta.gal

Nome* Nome

Apellido* Apellidos

Cidade/Vila Cidade|

País España

A páxina infórmanos de que recibiremos un correo de confirmación:

Acaba de enviarse unha mensaxe ao seguinte enderezo de correo electrónico: ██████████@edu.xunta.gal

Contén instrucións sinxelas para concluír co seu rexistro.

Se ten algunha dificultade, contacte co administrador do servidor.

Lemos o correo e copiamos o url da mensaxe na barra de enderezos do navegador:

Alguén solicitou unha nova conta en 'Contidos Dixitais Educativos' co seu enderezo de correo electrónico.

Para confirmar o rexistro visite este enderezo web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/contidosdixitaiseducativos/aulavirtual2/login/confirm.php?data=mwqeLI4ertokjk9/usuario>

En moitos programas de correo poderá premer na ligazón anterior mais, se non é posible, copie e pegue o enderezo na barra do explorador.


E por fin accedemos aos contidos, organizados por niveis e materias:

Contidos Dixitais Educativos

NAVEGACIÓN  

Páxina principal

- [A miña área persoal](#)
- ▶ [Páxinas do sitio](#)
- ▶ [Meu perfil](#)
- ▶ [Cursos](#)

ADMINISTRACIÓN  

- ▶ [Configuración do meu perfil](#)

Categorías de curso

- ▶ **5º Primaria** (11)
- ▶ **6º Primaria** (11)
- ▶ **1º ESO** (11)
- ▶ **2º ESO** (12)

Cando escollamos un nivel e unha materia, veremos módulos na parte inferior que poderemos abrir e **visualizar** facendo clic primeiro sobre eles e logo en “Introducir”:

1. Coas palabras e cos xestos



1. Coas palabras e cos xestos -Profesor

Coas palabras e cos xestos. Analiza as diferenzas que existen entre texto escrito e texto oral e coñece diferentes tipoloxías textuais segundo o seu ámbito de uso.




1. Coas palabras e cos xestos

Coas palabras e cos xestos. Analiza as diferenzas que existen entre texto escrito e texto oral e coñece diferentes tipoloxías textuais segundo o seu ámbito de uso.


Unha vez que atopemos o módulo que queremos usar na aula virtual do noso centro, localizámolo na parte superior e facemos clic para **descargalo**:



Agora entramos no curso da aula virtual do noso centro no que queremos usar o contido descargado. (<https://www.edu.xunta.gal/centros/nomedocentro/aulavirtual2>)

Activamos a edición pulsando en  na parte superior dereita.


Escollemos o tema ou semana do curso no que queremos incorporar o novo contido, facemos clic no despregable “Engadir unha actividade” e escollemos “Paquete Scorm”



Na páxina seguinte teremos que engadir un nome e descrición para a nosa nova actividade:

Nome*

Descrición*

Parágrafo **B** *I*        

Tema 1 de galego

Ruta: p



Máis abaixo, na sección “Ficheiro do paquete”, teremos que cargar o ficheiro que descargamos anteriormente. Podemos arrastrar e soltar o ficheiro sobre o cadro ou ben usar a icona que aparece resaltada na imaxe:



Máis abaixo, na sección “Apariencia” poida que resulte interesante cambiar o valor de “Presentar o paquete” a “Nova xanela”:

▼ Apariencia

Presentar o paquete

Nova xanela


Presentar a estrutura do curso na
páxina de entrada

Non




Deste xeito, a nosa actividade abrírase nunha nova xanela en lugar de facelo na do curso.

Finalmente, facemos clic en “Gardar e volver ao curso, na parte inferior.



E desactivamos a edición facendo clic no botón:



Agora facemos clic na icona da actividade:



Onde veremos información básica sobre a actividade dos nosos alumnos:

Aventura

Info [Informes](#)

Tema 1 de galego

Número de intentos permitidos: Sen límite

Número de intentos realizados: 1

Cualificación por intento 1: 0%

Método de cualificación: Intento máis alto

Cualificación informada: 0%

[Eliminar todos os intentos SCORM](#)

Modo: Vista previa Normal

[Introducir](#)

A sección “Informes” amosará unha visión máis detallada, con varios tipos de informes dispoñibles.

Aventura

Info Informes

Informe básico Informe gráfico Informe de interaccións Objectives report

3 resultados (3 users)

	Nome / Apellido	Enderezo de correo	Intentar	Arrancado o	Último acceso as	Puntuación
<input type="checkbox"/>	 Pedro Pérez	nonresponder@edu.xunta.es	1	Venres, 3 de Abril do 2020, 10:01	Venres, 3 de Abril do 2020, 10:05	0
<input type="checkbox"/>	 Fernando Fernández		1	Venres, 3 de Abril do 2020, 10:06	Venres, 3 de Abril do 2020, 10:09	0
<input type="checkbox"/>	 Sandra Rodríguez		1	Venres, 3 de Abril do 2020, 10:09	Venres, 3 de Abril do 2020, 10:11	0

Guías das unidades

Existen dúas guías para as unidades didácticas E-dixgal:

Manual para o docente
Unidades Didácticas Dixitais
Proxecto Educación Dixital E-DIXGAL

Manual para o alumno
Unidades Didácticas Dixitais
Proxecto Educación Dixital E-DIXGAL